



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO CAMIÑO DA CHAIRA VI. Expte 788/2021

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Vista a Orde de 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, estes obradoiros concíbense como programas mixtos de formación e emprego, promovidos polas entidades locais e dirixidas a mellorar a ocupación de persoas desempregadas de dezaoto ou máis anos de idade a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social. (DOGA N.º 22 de 3 de febreiro de 2021).

Visto o texto do Convenio de colaboración dos Concellos de Catro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei, de data 10 de febreiro de dos mil vinte un, para a solicitude conxunta dunha axuda á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro de emprego denominado Proxecto de Obradoiro de Emprego Camiño da Chaira VI.

Vista a solicitude de axuda para o obradoiro de emprego "Camiño da Chaira VI".

As especialidades a impartir e as obras ou servizos a realizar neste Obradoiro Camiño da Chaira VI por concellos son as seguintes:

CONCELLO DE CASTRO DE REI

EOCB0109 Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción.

-Construción de 96 sepulturas no cemiterio municipal de Duarría.

-Reparacións e reformas en edificios e instalación municipais:

*Fachadas do CEIP Ramón Falcón de Castro de Rei.

*Fachadas na antiga escola de San Xiao de Mos.

*Antiga escola de Prevesos.

*Campo de fútbol de Castro de Rei.

CONCELLO DE COSPEITO

EOCB0209 Operacións auxiliares en acabados ríxidos e urbanización.

-Pavimentación da contorna da igrexa da Virxe do Monte.

-Pavimentación de sendeiro de acceso á Lagoa.

-Prolongación da beirarrúa do Camiño Marcelo.

-Construción de beirarrúa na avenida Río Miño de Muimenta.

CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

EOCB0311 Pintura industrial en construción.

-Conservación e renovación da imaxe exterior de edificios municipais:

*Centro cultural e Casa da Cultura.

*Peche exterior do Campo de fútbol.

*Fachada á autovía do cemiterio municipal.

*Centro sociocultural de Francos.

*Ventás e portas exteriores da Casa do Concello.

*Viveiro industrial de Outeiro de Rei.

*Rúa C.



Vista a Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de data oito de setembro de 2021, que tivo entrada no concello co nº 2.339 de 10 de setembro de 2021, pola que se aproba unha subvención para o proxecto de “Obradoiro de Emprego Camiño da Chaira VI” por importe de 346.946,00 €, que se desglosan do seguintes xeito: 125.586,00€ para gastos de formación e funcionamento, 221.378,00 € para gastos salariais do alumnado participante.

Vista a notificación da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de data trece de setembro de 2021, que tivo entrada no concello co nº 2.371 de 15 de setembro de 2021, relativa a erro no importe para gastos de formación e funcionamento de 125.586€ cando en realidade debe figurar 125.568,00€ e no código EOCB409 de Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, cando en realidade o código é EOCB0209.

Vista a circular n.º 6/2021 da Dirección Xeral de Formación e Colocación coas instrucións en relación o procedemento de selección de persoal directivo, docente e de apoio, así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

Visto o artigo 11 e 12 da convocatoria nos que se regulan os procedementos de selección do alumnado-traballador, e do resto do persoal do obradoiro, concretamente o artigo 11 establece que o procedemento de selección do alumando-traballador se ten que facer a través da Oficina Pública de Emprego, e o artigo 12 establece que para o procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio poderase empregar a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, a convocatoria pública ou ambas, así mesmo o artigo 14 da convocatoria establece que “Calquera que sexa o sistema de selección utilizado, seguiranse os criterios e procedementos establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas aínda cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último caso, o persoal e o alumnado-traballador seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa”, e tendo en conta a urxencia de realizar todo o proceso de selección de persoal antes do 15/10/2021, dado que ten que estar iniciado o obradoiro nesa data, faise necesario axilizar todo o proceso selectivo, non sendo posible acudir á convocatoria pública polos prazos tan curtos que hai para poder facer a selección, tendo o risco de non ser capaces de iniciar o obradoiro na data que establece a resolución de axuda, coa conseguinte perda da axuda.

De acordo coas facultades conferidas polo art. 21.1 da Lei 7/85 reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases para a selección das persoas alumnas-traballadoras participantes no obradoiro dual de emprego “CAMIÑO DA CHAIRA VI” DO CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO).

BASES PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS ALUMNAS-TRABALLADORAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “CAMIÑO DA CHAIRA VI” DO CONCELLO DE CASTRO DE REI

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 10 da Orde





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG nº22, do 3 de febreiro de 2021) da Consellería de Emprego e Igualdade, establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección das 20 persoas alumnas traballadoras que participarán no obradoiro dual de emprego "Camiño da Chaira VI", promovido polo Concello de Castro de Rei e subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Segunda.- Relación xurídica das persoas alumnas-traballadoras participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego as persoas alumnas seleccionadas estarán vinculadas á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de nove meses e serán a xornada completa cunha retribución bruta mensual de 1.108,33 €/mes (incluída a prorrata da paga extra).

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. Os alumnado-traballador seleccionado non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Terceira.- Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Requisitos xerais.
 - Ter dezaoito ou máis anos de idade.
 - Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.
 - Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde de convocatoria.
 - Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.
 - Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

b) Requisitos específicos:

1º- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.

Quinta: causas de exclusión

- ✓ Non cumprir os requisitos esixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.
- ✓ Ter cursado a especialidade formativa que se programa no obradoiro e para a cal foi seleccionado/a.



Sexta.- Oferta de actividade.

Unha vez constituído o tribunal, e aprobados os criterios de selección das persoas alumnas traballadoras que van participar no obradoiro dual de emprego, presentaránse ofertas de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro, definindo nas mesmas os parámetros de sondaxe.

Neste caso correspondendolle tramitar as ofertas ás oficina de emprego de:

Oficina de emprego Lugo Sur:

OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: Concello de Castro de Rei.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 6
- Especialidade formativa a cursar: EOCB0109 Operacións auxiliares de revestimento continuos en construción.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Albaneis, enfoscadores e asimilados e peóns da construción NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 2

- Ámbito xeográfico: Concello de Outeiro de Rei.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 7
- Especialidade formativa a cursar: EOCB0311- Pintura industrial en construción.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Pintores, NIVEL 2
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

Oficina de emprego Villalba:

- Ámbito xeográfico: Concello de Cospeito.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 7
- Especialidade formativa a cursar: EOCB0209- Operacións auxiliares en acabados ríxidos e urbanización
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Albaneis, enfoscadores e asimilados e peóns da construción NIVEL 1
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive

Requisitos : reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

A oficina de emprego remitirá a entidade promotora a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir para realizar a baremación de méritos, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar a entidade promotora.

A selección terá lugar o 6 de outubro de 2021 na Casa Consistorial do Concello de Castro de Rei

- ás 10:30 horas para persoas alumnas traballadoras da especialidade que se vai impartir en Castro de Rei (EOCB0109 Operacións auxiliares de





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

revestimentos continuos en construcción).

- ás 12:00 horas para persoas alumnas traballadoras da especialidade que se vai impartir en Outeiro de Rei (EOCB0311- Pintura industrial en construcción).
- ás 13:30 horas para persoas alumnas traballadoras da especialidade que se vai impartir en Cospeito (EOCB0209- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización).

Sétima: Órgano de selección e Procedemento de selección

7.1 Órgano de selección

O órgano de selección, titulares e suplentes, será nomeado por Decreto da Alcaldía e a súa composición deberá responder aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, axustándose ao disposto no artigo 60 do Texto refundido da lei do estatuto do empregado público.

A totalidade dos seus membros, deberá estar en posesión da titulación académica equivalente ou superior á esixida para a praza convocada.

O órgano de selección estará integrado por:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

Vocais: Tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

Secretario.

No caso de non contar co número de funcionarios ou persoal propio da Corporación suficiente para formar tribunal acudirase a outra Administración Pública.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano colexiado, levantándose acta de todas aquelas reunións que manteña. A actuación do órgano de selección deberá axustarse estritamente ás bases da convocatoria. Non obstante, queda facultado para resolver as dúbidas que podan xurdir e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas en todo o non previsto nestas bases. Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

A composición do órgano de selección, titulares e suplentes, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

Os membros do órgano de selección deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección, titulares e suplentes nos termos establecidos no artigo 24 da citada lei.

7.2 Procedemento de selección

De acordo co disposto na orde de convocatoria terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que solicitaron este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizarase a aquelas que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional. Ademais priorizaranse as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción



no mercado de traballo, tales como os emigrantes retornados; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

En todo caso, terán prioridade na selección aquelas persoas alumnas candidatas que non tiveran participado nos cinco últimos anos nun obradoiro de emprego, polo que aqueles que participaron en anteriores obradoiros pasarán ao final da lista no orde que lle corresponda tendo en conta a súa puntuación.

Á vista do anterior, o tribunal en primeiro lugar procederá a baremación de méritos obxectivos, baremo establecido no Anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, cunha puntuación máxima de 26 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da que tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán na oficina de emprego correspondente.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia aquel que teña máis antigüidade como desempregado a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e en caso de empate o de maior idade.

O tribunal asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, e remitirá un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro á xefatura territorial.

Oitava.- Listaxe de reserva.

O tribunal, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a.

Novena.- Admisión.

As persoas seleccionadas polo tribunal serán admitidas pola entidade promotora, para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as sempre e cando cumpran os requisitos destas bases, para o que deberán pasar un recoñecemento médico e ser declarados aptos para o desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego.

En todo caso os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

Décima.- Incidencias e reclamacións:

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

selección, presentaranse ante o tribunal no prazo de 2 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas ,e serán resoltas por este, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Décimo primeira.- Publicidade das bases:

Estas bases unha vez aprobadas serán publicadas na páxina web da entidade promotora (www.castroderei.gal), así como no taboleiro de anuncios da entidade promotora, e nos taboleiros e webs dos concellos de Cospeito e Outeiro de Rei. Ademais enviaranse ás oficinas de emprego que tramiten a oferta e á xefatura territorial.

No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

ANEXO I.- BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO

1.- MULLERES

- Mulleres vítimas de violencia de xénero2 puntos
- Mulleres non puntuadas no apartado anterior.....1 punto.

Acreditarase con:

-DNI da participante no proceso de selección
-Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero: mediante sentenza condenatoria por un delito de violencia de xénero; unha orde de protección ou calquera outra resolución xudicial que acorde unha medida cautelar a favor da vítima, ou ben polo informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero; tamén pode acreditarse as situacións de violencia de xénero mediante informe dos servizos sociais, dos servizos especializados, ou dos servizos de acollida destinados a vítimas de violencia de xénero da Administración Pública competente.

2.- IDADE

- 18 - 29 anos 4 puntos.
- 30 - 44 anos 1 punto.
- 45 ou máis 3 puntos

Acreditarase con:

-DNI do/a solicitante.

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía \geq 33 % 1 pto.

Acreditarase con:

-Certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.



4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- a) Perceptores de desempleo 1 punto.
- a) Perceptores de subsidios..... 2 puntos.
- b) Non perceptores 4 puntos.

Acreditarase con:

-Certificado da Oficina de Emprego de data setembro de 2021 .

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABAJO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses1 punto.
- De 12 a 18 meses... 2 puntos.
- Máis de 18 meses... 4 puntos.

Acreditarase con:

-Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social de data setembro de 2021.

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABAJO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos 0 puntos.
- Grupo de cotización del 1 al 7 0 puntos.
- Grupo de cotización 8 1 puntos.
- Grupo de cotización 9 2 puntos.
- Grupo de cotización 10 3 puntos.
- Sen emprego anterior 4 puntos.

Acreditarase con:

-Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social de data setembro de 2021.

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social.....)

- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia perceptores (RISGA)1 punto.

Acreditarase con:

-Informe dos servizos sociais do Concello respectivo ou certificado/resolución do servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política Social da concesión do recoñecemento.

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado/ESO..... 3 puntos.





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 puntos.
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior..... 1 punto.

Acreditarse con:

-Titulación que posúa o interesado/a.

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA

(entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 punto.
- Monoparental con fillo/s 1 punto.

Acreditarse con:

-Libro de familia, certificado do Concello dos membros da unidade familiar que conviven no domicilio e informe de vida laboral con data setembro de 2021, das persoas menores de 25 anos a cargo da persoa interesada. Acreditación documental da situación de acollemento ou de incapacidade se procede.

10.- OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI) con anterioridade a data da firma destas bases..... 2 puntos.

Acreditarse con:

-Documento que certifique que o/a interesado/a ten planificado no seu IPI a súa participación na/s especialidade/s a impartir dentro do obradoiro de emprego do seu concello

SEGUNDO: Aprobar as bases para a selección do/a director/a do obradoiro dual de emprego "CAMIÑO DA CHAIRA VI" DO CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO).

BASES PARA A SELECCIÓN DO/A DIRECTOR/A DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "CAMIÑO DA CHAIRA VI" DO CONCELLO DE CASTRO DE REI

Primeira .- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 10 da ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG nº 22, do 3 de febreiro de 2021), establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal directivo que participará no obradoiro de emprego " **Camión da Chaira VI** ", promovido polo Concello de Castro de Rei en colaboración cos Concellos de Cospito e Outeiro de Rei e subvencionado pola



Consellería de Emprego e Igualdade.

Posto convocado: 1 posto de director/a

Segunda.- Características dos contratos de traballo

O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada terá carácter, temporal, cunha duración de nove meses e será a xornada completa. A retribución bruta mensual é de 2.084,92 € (incluída a prorrata da paga extra).

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Terceira- Funcións do posto de traballo

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Coordinación xeral do obradoiro de emprego, garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do obradoiro de emprego.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.
- Superior dirección do persoal, controlando que cumpran coas súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.
- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Encargarase da parte administrativa e de xestión do obradoiro.
- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.

Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.

A persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas para o exercicio da función pública.
- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas anteriormente.
- Estar en posesión da titulación de Arquitecto ou Arquitecto técnico, e ter experiencia de 24 meses coa titulación
- Acreditar a competencia docente mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Estarán exentas de esta acreditación aquelas persoas que cumpran o disposto no artigo 13.1 (apartados a, b, c) do





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

Real decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

Deste requisito estarán exentos:

- As persoas que estean en posesión das titulacións de Licenciado/a en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado en Psicoloxía ou Pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgraduado nos citados ámbitos.
- Que posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo, estarán exentos os que acrediten a posesión do Máster universitario que habilita para o exercicio das profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e os que acrediten a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real Decreto 1834/2008, de 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, a Formación Profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.
- Os que acrediten unha experiencia docente contrastada de alomenos 600 horas nos últimos dez anos en Formación Profesional para o emprego ou do sistema educativo.

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

Quinta.- Baremo

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

I) Experiencia profesional/docente:

- ✓ Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 2,0 puntos.
- ✓ Experiencia profesional coa titulación esixida nestas bases para o posto de traballo: 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo nos últimos 10 anos ata un máximo de 3,0 puntos.

O período mínimo de experiencia profesional esixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- ✓ no caso de traballador/a por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.
- ✓ no caso de traballadores/as autónomo/ass: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o



epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

- ✓ no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

II) Cursos recibidos:

- ✓ Curso básico de prevención de riscos laborais de 35 horas ata 60 horas: 0,25 puntos.
- ✓ Curso de nivel medio de prevención de riscos laborais de 300 horas: 0,50 puntos.
- ✓ Curso de nivel superior de prevención de riscos laborais de 600 horas: 1,00 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

Soamente se valorará o curso de maior duración, sendo a puntuación máxima neste apartado 1 punto.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

III) Coñecementos de lingua galega:

- ✓ Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- ✓ Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística,

Sexta.- Oferta de emprego

Unha vez constituído o tribunal de selección, e aprobados os criterios de selección das persoas candidatas que van participar no obradoiro de emprego, presentarase a oferta na oficina de emprego de Lugo Sur, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- Ámbito xeográfico: Concellos de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.
- Número de postos: 1
- Número de candidatos a remitir: 3 candidatos por posto na medida do posible.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: Arquitecto ou arquitecto técnico.
- Requisitos: Ter experiencia de 24 meses coa titulación.
- Acreditar a competencia docente mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Estarán exentas de esta acreditación aquelas persoas que cumpran o disposto no artigo 13.1 (apartados a, b, c) do





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

Real decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

Deste requisito estarán exentos:

- As persoas que estean en posesión das titulacións de Licenciado/a en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado en Psicoloxía ou Pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgraduado nos citados ámbitos.
- Que posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo, estarán exentos os que acrediten a posesión do Máster universitario que habilita para o exercicio das profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e os que acrediten a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real Decreto 1834/2008, de 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, a Formación Profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.
- Os que acrediten unha experiencia docente contrastada de alomenos 600 horas nos últimos dez anos en Formación Profesional para o emprego ou do sistema educativo.

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

A oficina de emprego remitirá ao tribunal a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir para realizar a selección, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar á entidade promotora.

A selección terá lugar as 10:30 horas do vindeiro 7 de outubro de 2021 na Casa Consistorial do Concello de Castro de Rei.

Sétima- Órgano de selección e Procedemento de selección

7.1 Órgano de selección

O órgano de selección, titulares e suplentes, será nomeado por Decreto da Alcaldía e a súa composición deberá responder aos principios de imparcialidade e



profesionalidade dos seus membros, axustándose ao disposto no artigo 60 do Texto refundido da lei do estatuto do empregado público.

A totalidade dos seus membros, deberá estar en posesión da titulación académica equivalente ou superior á esixida para a praza convocada.

O órgano de selección estará integrado por:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

Vocais: Tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

Secretario.

No caso de non contar co número de funcionarios ou persoal propio da Corporación suficiente para formar tribunal acudirase a outra Administración Pública.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano colexiado, levantándose acta de todas aquelas reunións que manteña. A actuación do órgano de selección deberá axustarse estritamente ás bases da convocatoria. Non obstante, queda facultado para resolver as dúbidas que podan xurdir e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas en todo o non previsto nestas bases. Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

A composición do órgano de selección, titulares e suplentes, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

Os membros do órgano de selección deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección, titulares e suplentes nos termos establecidos no artigo 24 da citada lei.

7.2 Procedemento de selección

As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán nunha valoración de méritos.

O tribunal procederá a baremación de méritos obxectivos. A tal fin, e de conformidade co previsto na base 5ª, os candidatos/as deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo tribunal.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base quinta. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 6,5 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

As persoas candidatas que na data do remate do proceso selectivo, estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego.

Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

Se todas as persoas candidatas están en situación de desemprego, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- A puntuación obtida no apartado de experiencia como director/a
- A puntuación outorgada no apartado de experiencia profesional coa titulación
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- A persoa de maior idade.

O tribunal asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, quedando un exemplar na entidade promotora para o seu cumprimento e publicación e outro será remitido á xefatura territorial da consellería de emprego e igualdade de Lugo.

Oitava- Admisión

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposta polo tribunal atendendo as puntuacións finais, sempre e cando cumpra cos requisitos que figuran nestas bases, para o que deberá aportar á entidade promotora do proxecto para a súa contratación certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego, e declaración xurada de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o tribunal propoñerá a aquela persoa candidata que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que superasen o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

Novena.- Incidencias e reclamacións.

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o tribunal para a selección no prazo de 2 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación das actas e serán resoltas polo tribunal, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Décimo primeira.- Publicidade das bases:

Estas bases unha vez aprobadas serán publicadas na páxina web da entidade promotora (www.castroderei.gal), así como no taboleiro de anuncios da entidade promotora, e nos taboleiros e webs dos concellos de Cospeito e Outeiro de Rei. Ademais enviaranse ás oficinas de emprego que tramiten a oferta e á xefatura territorial.



TERCEIRO: Aprobar as bases para a selección do persoal docente do obradoiro dual de emprego “CAMIÑO DA CHAIRA VI” DO CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO).

BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE DO OBRADOIRO DE EMPREGO “CAMIÑO DA CHAIRA VI” DO CONCELLO DE CASTRO DE REI

Primeira .- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 10 da orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG nº22, do 3 de febreiro de 2021) , establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal docente e de administración que participará no obradoiro de emprego “Camiño da Chaira VI”, promovido polo Concello de Castro de Rei en colaboración cos Concellos de Cospeito e Outeiro de Rei e subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Postos convocados:, tendo en conta as especialidades formativas que se van a impartir no obradoiro de emprego as prazas son:

- 1 Monitor/a Pintor de obra.
- 2 Monitores/as Albanel.
- 1 Administrador/a a media xornada.

Segunda.- Características dos contratos de traballo

Os contratos de traballo que subscribirá a entidade promotora coas persoas candidatas seleccionadas terán carácter temporal, por un período de nove meses, e serán a tempo completo a dos monitores/as e a media xornada a praza de administrador/a.

As retribucións brutas mensuais por persoa serán as seguintes:

MONITORES/AS: 1.629,06 €/mes (incluída a prorrata da paga extra).

ADMINISTRADOR/A: 814,53 €/mes (incluída a prorrata da paga extra).

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Terceira- Funcións do posto de traballo

3.1. Monitores

Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos programas formativos, dentro dun marco pedagóxico e didáctico que permita ás persoas alumnas traballadoras obter o maior beneficio, de acordo coas directrices do proxecto do Obradoiro de emprego.

Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no traballo.

Serán os responsables de impartir o ensino teórico-práctico correspondente á especialidade formativa que van impartir, e da aprendizaxe das persoas alumnas.





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

Colaborarán co director na realización da programación (de conformidade co disposto no certificado de profesionalidade) e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas produtivas, e serán os responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.

Serán os responsables do control de asistencia e produtividade das persoas alumnas traballadoras do obradoiro, debendo facilitar de forma obrigatoria semanalmente os partes diarios de traballo de cada traballador participante, o control de asistencia correspondente ó mencionado período.

Elaborarán nas datas e forma que o director lles fixe, unha lista global das necesidades de materiais, maquinaria, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.

Realizarán o control de recepción dos pedidos, realizando listas periódicas, datadas, numeradas e debidamente detalladas dos mesmos e custodiarán os albarás ata a súa entrega ao director do obradoiro de emprego.

Colaborarán coa dirección nos labores de titoría das persoas alumnas traballadoras, comunicando a esta as incidencias que ocorran no obradoiro.

Serán os responsables da custodia, mantemento e conservación dos materiais, maquinaria e ferramentas propios do seu obradoiro, así como doutros de carácter xeral que lle sexan encargados pola dirección do obradoiro de emprego. Trimestralmente, a petición da dirección, realizarán un inventario dos medios do obradoiro, no prazo e forma que se exixa.

Serán os encargados de organizar os diferentes labores dos grupos de traballo, respondendo da execución das tarefas produtivas a realizar polo seu obradoiro.

Realizarán aqueles traballos xerais e inclusive os que supoñan un especial empeño e delicadeza, que lle sexan encomendados pola dirección na execución das tarefas produtivas do obradoiro de emprego.

Fomentarán e participarán activamente en tódalas iniciativas de creación de emprego.

Serán responsables directos nos aspectos prácticos - produtivos das persoas alumnas traballadoras que estén o seu cargo, en especial no relativo á Seguridade e Saúde no traballo.

Será o encargado de impartir o ensino teórico das especialidades dos obradoiros, e se fose preciso, o ensino correspondente ao programa de formación empresarial e búsqueda de emprego. Encargarase, si a Dirección o considera necesario, da supervisión das obras.

Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador.

3.2. Administrador/a

Será o encargado de realizar control de facturas e albaráns, confección de documentos e manexo das aplicacións informáticas precisas, na forma e prazos adecuados.

Realizarán a base de datos e o arquivo do Obradoiro, tanto de persoal como dos medios, e será o encargado da obtención e confección dos datos estatísticos, rexistros, clasificación e arquivo de documentos, abastecementos, etc...

Impartirá o módulo de iniciación a informática ós alumnos traballadores.

Impartirá o módulo de inserción laboral e técnicas de búsqueda de emprego ós alumnos traballadores.

Calquera outra función propia do seu cargo que lle encomende a Dirección.

Cuarta.- Requisitos das persoas candidatas.

4.1 Requisitos xerais

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitado para o exercicio da función pública.



Estar en posesión da titulación e experiencia que se exige para cada posto, ou en condicións de obtela na data na que se realice a sondaxe.

Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas na base terceira.

4.2 Requisitos particulares dos Monitores

Ter o nivel académico e a experiencia profesional exigida no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade correspondente á especialidade formativa que vai impartir.

Acreditar a competencia docente mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Estarán exentas de esta acreditación aquelas persoas que cumpran o disposto no artigo 13.1 (apartados a, b, c) do Real decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

4.3 Requisitos de titulación e experiencia profesional para cada un dos postos

Monitores/as albanelaría :

- o Estar en posesión da categoría profesional de Oficial de 1ª Albanel ou ter traballado como Albanel no Réxime de Traballadores Autónomos. Será necesario a acreditación de ter unha experiencia mínima de 3 anos.

Monitores/as pintura de obra:

- o Estar en posesión da categoría profesional de Oficial de 1ª Pintor ou ter traballado como Pintor no Réxime de Traballadores Autónomos. Será necesario a acreditación de ter unha experiencia mínima de 3 anos.

Administrador/a:

Estar en posesión dunha das seguintes titulacións:

Técnico Superior en Administración e Finanzas, e/ou Diplomado ou Licenciado en Empresariais ou Licenciado en Ciencias Económicas ou Diplomado en Relacións Laborais, ou titulación similar, e unha experiencia mínima de 12 meses coa titulación.

Quinta.- Baremo

1 Monitores

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

I) Experiencia profesional/docente:

Experiencia como monitor/a en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, na especialidade formativa obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 1,5 punto.

Experiencia profesional, exceptuando a de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, en postos de traballo da especialidade obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,50 puntos por cada seis meses completos nos últimos 10 anos ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 3,50 puntos.

O período mínimo de experiencia exigido polo Real decreto que regula o certificado de profesionalidade, e que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

no caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.

no caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

II) Cursos realizados:

Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.

Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.

Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. Non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas e de non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso. nin xornadas, congresos, simposios...

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2,50 puntos.

III) Coñecementos de lingua galega:

Curso de iniciación: 0,25 puntos.

Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Linguística.

2. Administrador/a

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

I) Experiencia profesional:

Experiencia profesional en funcións administrativas en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego : 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 1,50 punto.

Experiencia profesional, exceptuando a de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego en postos de traballo e coa categoría profesional como grupo 5 da vida laboral: : 0,50 puntos por cada seis meses completos nos últimos 10 anos ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 3,5 puntos.

O período mínimo de experiencia exixido que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

no caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.

no caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.



II) Cursos realizados:

Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.

Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.

Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. Non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas e de non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso. nin xornadas, congresos, simposios...

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2,50 puntos.

III) Coñecementos de lingua galega:

Curso de iniciación ou Celga 3: 0,25 puntos.

Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia, e ós expedidos pola Consellería competente en materia educativa.

Sexta.- Oferta de emprego

Unha vez constituído o tribunal, e aprobados os criterios de selección das persoas candidatas que van participar no obradoiro de emprego, presentaranse ofertas na oficina de emprego Lugo Sur, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes

OFERTA 1

Ámbito xeográfico: Concellos de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.

Número de candidatos a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatos por posto

Número de postos: 2

Ocupación: Monitor/a Albanel.

Requisitos: según bases

OFERTA 2

Ámbito xeográfico: Concellos de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.

Número de candidatos a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatos por posto

Número de postos: 1

Ocupación: Monitor/a Pintura





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

Requisitos: según bases

OFERTA 3

Ámbito xeográfico: Concellos de castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.

Número de candidatos a remitir pola oficina de emprego: 3 candidatos por posto

Número de postos: 1

Ocupación: Administrador/a.

Requisitos: según bases

A oficina de emprego remitirá a entidade promotora a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir para realizar a selección, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar á entidade promotora.

A selección terá lugar na Casa Consistorial do Concello de Castro de Rei o día 7 de outubro de 2021 ás:

- 11:30 horas . Administrador/a.
- 12:30 horas Monitores/a Albanel
- 13:30 horas Monitor/a Pintura

Sétima- Sétima- Órgano de selección e Procedemento de selección

7.1 Órgano de selección

O órgano de selección, titulares e suplentes, será nomeado por Decreto da Alcaldía e a súa composición deberá responder aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, axustándose ao disposto no artigo 60 do Texto refundido da lei do estatuto do empregado público.

A totalidade dos seus membros, deberá estar en posesión da titulación académica equivalente ou superior á esixida para a praza convocada.

O órgano de selección estará integrado por:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

Vocais: Tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

Secretario.

No caso de non contar co número de funcionarios ou persoal propio da Corporación suficiente para formar tribunal acudirase a outra Administración Pública.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse



por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano colexiado, levantándose acta de todas aquelas reunións que manteña. A actuación do órgano de selección deberá axustarse estritamente ás bases da convocatoria. Non obstante, queda facultado para resolver as dúbidas que podan xurdir e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas en todo o non previsto nestas bases. Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

A composición do órgano de selección, titulares e suplentes, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

Os membros do órgano de selección deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección, titulares e suplentes nos termos establecidos no artigo 24 da citada lei.

7.2 Procedemento de selección

As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán nunha valoración de méritos. O tribunal procederá a baremación de méritos obxectivos. A tal fin, e de conformidade co previsto na base 5ª, os candidatos deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo tribunal.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base quinta. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 6,5 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

As persoas candidatas que na data do remate do proceso selectivo, estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego.

Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

Se todas as persoas candidatas están en situación de desemprego, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- A puntuación obtida no apartado de experiencia en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego .
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- A persoa de maior idade.





CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

O tribunal asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, quedando un exemplar na entidade promotora para o seu cumprimento e publicación e outro será remitido á xefatura territorial da consellería de emprego e igualdade de Lugo.

Oitava- Admisión

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposto polo tribunal atendendo as puntuacións finais, sempre e cando cumpra cos requisitos que figuran nestas bases, para o que deberá aportar á entidade promotora do proxecto para a súa contratación certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego “ e declaración xurada de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, si o candidato proposto para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o tribunal propoñerá a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

Novena.- Incidencias e reclamacións.

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante o tribunal no prazo de 2 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas, e serán resoltas por este, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Décimo primeira.- Publicidade das bases:

Estas bases unha vez aprobadas serán publicadas na páxina web da entidade promotora (www.castroderei.gal), así como no taboleiro de anuncios da entidade promotora, e nos taboleiros e webs dos concellos de Cospeito e Outeiro de Rei. Ademais enviaranse ás oficinas de emprego que tramiten a oferta e á xefatura territorial.

CUARTO: Dar traslado do presente acordo ó Pleno, e aos servizos municipais responsables da súa tramitación.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

